

**REUNIÓN XERENCIA- COMITÉS DE EMPRESA DE PERSOAL LABORAL
DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS**

ACTA Nº 5

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Xerente :

Manuel Fernández Jauregui

Xefe do Servizo de PAS:

José Manuel Fernández Viña

Redacción de acta:

María Isabel Fernández Uría

COMITÉ DE EMPRESA PONTEVEDRA

Marisa Magaz Ledo (CCOO, Presidenta)

Pablo Álvarez Rodríguez (UGT)

Federico Fernández Fernández (CIG)

Marcos Estévez Orge (CCOO)

Carlos Román Lago (CIG)

José Estévez Vázquez (CCOO)

COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE

Luis Pérez Gómez (CIG, Presidente)

José Manuel García Eirín (CIG)

Os representantes da Universidade e dos Comités de Empresa do PAS laboral mantiveron unha reunión na Xerencia, ás 09:45h do 26 de abril de 2018, coa seguinte

ORDE DO DÍA

- 1. Aprobación e sinatura de actas previas.**
- 2. Negociación dos seguintes puntos:**
 - I. Temarios non específicos para as convocatorias de:**
 - a. persoal fixo, diferenciando acceso libre e promoción interna**
 - b. ampliación listas espera.**
 - II. Convocatoria Técnico Superior de I+D (OEP 2017)**
 - III. Ampliación da lista de espera de TS Microscopía Electrónica**
 - IV. Ampliación da lista de espera de TE Química**
 - V. Ampliación da lista de espera de TE Bibliotecas**
 - VI. Ampliación da lista de espera de AT Servizos Xerais**
- 3. Negociación da convocatoria da roupa de traballo 2018.**

1. Aprobación e sinatura da acta da reunión previa de data 19 de abril de 2018.

Apróbase e asínase o acta da reunión do 19 de abril de 2018.



Así mesmo, aprovéitase esta reunión e a presenza dos presidentes de ambos comités para aprobar e asinar o acta nº 4 de negociación da oferta de emprego público 2017, reunión do 16/11/17. Tamén se aproba e asina o acta nº 3 de negociación co C. de Empresa de Ourense da modificación parcial da RPT do Campus de Ourense, reunión do 16/11/17.

Os membros asistentes escusan a ausencia dos inasistentes.

2. Negociación dos seguintes puntos:

II. Temarios non específicos para as convocatorias de:

- a. persoal fixo, diferenciando acceso libre e promoción interna**
- b. ampliación listas espera.**

A presidenta do Comité de Empresa de Pontevedra (CEPO) manifesta que despois de celebradas as eleccións a reitor e tendo en conta que esta Xerencia non vai continuar, considérase conveniente continuar a negociación coa seguinte Xerencia.

O presidente do Comité de Empresa de Ourense (CEO) non ten nada que manifestar ante a imposibilidade de acordo logo do posicionamento feito polo Comité de Empresa de Pontevedra.

O Xerente expresa que a súa disposición de continuar coas negociacións, porque hai asuntos urxentes, avanzando ao máximo, pero que respecta a postura dos comités.

3. Negociación da convocatoria da roupa de traballo 2018.


O Xerente indica que se analizará o pedimento escrito do CEPO de forro polar para todas as categorías e botas de seguridade para o persoal de transporte e distribución.

Federico Fernández indica que se solicita forros polares para todo o persoal porque agora xa se lle concede a quen o pide, aínda que non lle corresponda pola súa categoría. Solicita así mesmo que se elimine da relación o posto de porteiro maior, que xa non existe.

José M García Eirín sinala que lle consta que a varais persoas non se lle subministraron polos.

O Xerente responde que non lle consta, pero que en todo caso é o Servizo de Xestión Económica o encargado desta tramitación polo que llo deberían consultar

E sen máis asuntos que tratar remata a reunión as 10:30

Two handwritten signatures in blue ink are present at the bottom of the page. The signature on the left is a long, sweeping horizontal line with a large loop above it. The signature on the right is a more compact, stylized signature with a vertical line and a horizontal line.